

MANEXO BÁSICO DUN EDI

Empecemos por clasificar, dalgún xeito, os tipos de recursos que soemos empregar nas nosas clases. Por un lado, estarían aqueles que basicamente me axudan a documentar un tema, entre eles estaría o libro de texto (en papel ou dixital), e outras veces estaría unha imaxe ou foto, por exemplo, un mapa (que tamén pode aparecer no libro de texto) ou incluso ás veces. os apuntes creados por nós mesmos. Por outro lado empregamos recursos para que os nenos fagan a práctica aplicando esa teoría que se traballou previamente.

Durante as nosas clases soemos empregar habitualmente uns e outros, dende o libro de texto (en papel ou dixital) no que xa dispoñemos da parte de teoría e as actividades a realizar sobre esa teoría, ata outros máis sofisticados tecnoloxicamente falando, relacionados máis directamente coas TIC (o que non quere dicir que necesariamente estan relacionados cun software especial); poden ser programas de uso habitual, é o caso de arquivos pdf., Word, PowerPoint, Excel,... estos, soemos empregalos para dar directamente a clase, como apuntes para nós ou para o alumno/a. Á par destes, soemos mostrar imaxes e vídeos (nosos ou buscadas na rede), sen máis, buscándoos na rede no momento ou visitando Youtube ou feito por nós. Empregamos recursos TIC doutra índole, como xa mencionamos, aqueles que nos serven para que o alumno resolva problemas, faga actividades varias, en fin, aplique o aprendido, e que podemos atopar en Internet, onde podemos acceder a arquivos xa elaborados con programas de autor, tal que Ardora, Lim, Jclic, Malted e animacións flash.

Usar uns ou outros, ás veces, só se debe á área na que traballamos, isto é, un vídeo será probablemente máis útil nunha clase de historia, linguas, xeoloxía, bioloxía ou tecnoloxía,... que o poda ser en matemáticas ou artística, por poñer un exemplo concreto, mentres que nestes resulta máis útil outro tipo de recursos e programas.

COMO ENCAIXA O EDI NESTE MARCO DE TRABALLO?

O EDI vaise limitar a darlle outro enfoque, outro marco, á hora de presentar os nosos recursos, porque de por si resulta moi atractivo para o alumno e é xustamente o que debemos aproveitar.

Basicamente nun EDI pódese facer calquera cousa que se poda facer cun ordenador, pero de xeito máis intuitivo ou natural, precisamente pola súa similitude co encerado convencional, (non resulta un elemento alleo á aula)


Uso básico do EDI (Encerado dixital interactivo) I

M^a del Carmen Pernas / José Rodríguez Costa


pero aporta outras ventaxes que non ten a de sempre, entre elas, gardar a clase que fixemos hoxe, reutilizar o traballo feito ou crear apuntes durante a sesión. En resume, poderíamos seguir facendo o mesmo pero moi mellorado.


EMPEZAMOS A SESIÓN:

Chagamos á aula e o primeiro que debéramos facer é encender o ordenador e o EDI. Seguidamente, comprobar que temos todo o que necesitaremos á man: as ferramentas flotantes con todas as que utilizaremos. Se non temos as ferramentas á vista, iremos a , na barra inferior dereita e premeremos nel para que se abra o menú desplegable, e buscamos a opción "Amosar ferramentas flotantes"



Agora só nos queda comprobar que teremos nesa barra de ferramentas flotantes, todas as que vou a utilizar, se non é así, abrirei a barra e clicarei no icono en forma de rosquilla; abrirase unha ventá con todas as ferramentas, arrastraremos á barra aquelas que nos falten para a nosa clase






ESTAMOS PREPARADOS, QUE EMPECE A CLASE:

Xa teño todo o que en principio vou necesitar na aula, eso si, sen contar co que me poiden traer da casa, tal que un Word. co contido que vou a explicar, ou un libro dixital, por exemplo en pdf. ou calquer outro recurso que queira ter á man.


O primeiro que debера facer é entender que é un encerado, podo escribir nel coa naturalidade que o fago no tradicional, para iso,

Uso básico do EDI (Encerado dixital interactivo) I
M^a del Carmen Pernas / José Rodríguez Costa


abrirei na miña barra de ferramental flotantes a opción "Caderno de notas"




Agora só teño que deixar a superficie en branco para poder escribir todo o que necesite; para iso, premo en "Pantalla completa"



E listo, xa podemos utilizala para escribir



Nesta pequena ventá terei todo o que necesito á man. Por exemplo, cando se me acabe o espacio para escribir, engadirei outra páxina; poderei voltar á anterior se teño algo que repetir,...



Este menú ábrese premendo nos puntos